

Manuel Rodríguez López

Hai un mundo da emigración que constrúe país por enriba das distancias. Con lembranzas, con palabras aprendidas. Manuel Oreste Rodríguez López forma parte dese xogo de memorias e soños de proxectos que se enlean para lle fornecer solidez á nosa identidade colectiva. As paisaxes de Paradela, a querenza polo idioma e a consciencia de que tamén a mil quilómetros hai lugar para agrandar as raíces están na decisión e na vontade de ser alguén xunto cos seus; de se recoñecer como definitivamente galego, e de se saber que esa marca achega tamén riqueza humana á comunidade de acollida.

A vinte e cinco anos do seu pasamento, a súa escrita mantén o orgullo do labor ben aquelado. O testemuño das súas crónicas, co vizo da comunidade galega de Barcelona documentado para sempre; a súa creación literaria, a súa opinión, a súa acción como peza esencial de actividades de cultura fixan as dimensións dun tempo vivido para o noso ben colectivo. Desde a Secretaría Xeral de Cultura unímonos a esta homenaxe ao seu traballo intenso, que abriu perspectivas e axudou a crear realidades.